



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

Resolución do 23 de abril de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se designa o tribunal que avaliará a proba externa do programa de dobre titulación de Bacharelato e de Baccalauréat para o curso académico 2018/2019.

O Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, modificado polo Real Decreto 95/2014, do 14 de febreiro, regula a ordenación das ensinanzas acollidas ao acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharelato e de *Baccalauréat* en centros docentes españois.

A Resolución do 11 de setembro de 2017, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional y Universidades, pola que se ditan instrucións relativas ao programa de dobre titulación Bacharel- *Baccalauréat* correspondentes ao curso 2017/2018.

A Resolución do 9 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula a incorporación ao programa de dobre titulación de Bacharelato e *Baccalauréat*, *Bachibac*, en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2017/18.

A Resolución do 3 de abril de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a proba externa do programa de dobre titulación de Bacharelato e de *Baccalauréat* para o curso académico 2018/2019 e se ditan instrucións para o seu desenvolvemento.

Co fin de coordinar a organización e desenvolvemento da proba externa para a obtención da dobre titulación de Bacharelato e de *Baccalauréat*, é necesario nomear ao tribunal avaliador.

En virtude do cal, en exercicio das súas competencias, esta Dirección Xeral

RESOLVE

Primeira. Nomear como membros do tribunal avaliador da proba externa as seguintes persoas:

Presidenta: Dona Mar Villaverde Lamas, funcionaria do corpo de profesores de Ensino Secundario, especialidade de Francés.

Vogal Secretaria: Dona Sonia Vázquez Gómez, funcionaria do corpo de profesores de Ensino Secundario, especialidade de Francés.



Vogal: Dona Elisa González Díaz, funcionaria do corpo de profesores de Ensino Secundario, especialidade de Xeografía e Historia.

Segunda.

As funcións e competencias deste tribunal quedan reflectidas no artigo sexto da dita Resolución do 3 de abril de 2019.



Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa